

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **18 de novembro de 2020**

Ás 17.30 horas do día 18 de novembro de 2020, reúnese a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339614> remitido coa convocatoria) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. José Miguel Caride Domínguez, **deputado non adscrito.**

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de outubro de 2020.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía do día 21 de outubro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DELEGACIÓN DO CONCELLO DE SAN AMARO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS GASTOS DERIVADOS DE EXECUCIÓNS FORZOSAS DOS ARTIGOS 99 E 100 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta a reserva de voto do seu grupo.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular e do deputado non adscrito e a abstención do Grupo Socialista, do BNG e de DO, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aceptar a delegación de competencias efectuada polo Concello de San Amaro a favor da Deputación Provincial, mediante acordo de 29 de setembro de 2020, para a recadación executiva dos gastos derivados de execucións forzosas dos artigos 99 e 100 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das administracións públicas, nas

condicións recollidas no acordo de delegación do Concello de San Amaro, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:

- a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da recadación en vía executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
- b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións de descuberto do tributo ao que se refire.
- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario conforme co establecido no artigo 6, apartado b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación estará vixente a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos de 4 anos se ningunha das partes mostra expresamente a súa vontade en contra, comunicándollo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á data sinalada ou á de calquera dos períodos de prórroga.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA ÁS COMISIÓNS QUE APLICAN AS ENTIDADES FINANCEIRAS POLOS DEPÓSITOS DAS ENTIDADES LOCAIS.-

D. Rosendo Luís Fernández Fernández, do Grupo Popular, expón o contido da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, manifesta a súa alegría porque o PP se mostre a favor dunha banca pública, se ben a súa preocupación debería ir máis alá dos saldos da Deputación Provincial e estenderse aos das familias ou das empresas. Manifesta a súa reserva de voto para o Pleno, para estudar con detalle a moción, coa que, en principio, estaría de acordo.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que está de acordo coa intervención do deputado do BNG, e aproveita para preguntarlle ao deputado delegado de economía e facenda se a Deputación está facendo actuacións para intentar minimizar esta previsión.

O **Sr. secretario** intervén para aclarar que desde a Tesourería da Deputación, xa desde o mes de setembro, se contactou con todas as entidades financeiras e se está tramitando un expediente para fixar as condicións dos saldos e optar pola opción que sexa máis vantaxosa en cada momento.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular e do deputado non adscrito e a abstención do Grupo Socialista, do BNG e de DO, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Primeiro.- Instarlle ao Goberno da Nación a adopción dunha solución para evitar os importantes custos que supoñen para as entidades locais ter depositados os saldos bancarios en contas das entidades financeiras, tal como a posibilidade de abrir unha conta sen comisións no Banco de España, na que se poidan ingresar os fondos.

Segundo.- Remitirlles este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e ao Ministerio de Facenda.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta sobre a dispoñibilidade que teñen xa as entidades locais para utilizar o remanente de tesourería, preguntando se a Deputación xa realizou algunha actuación neste sentido.

O **presidente da comisión** indica buscará información para poder remitirla.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

